Expte: 2669/232

Remata: 11-SET-2024

Secretaría Xeral
Expte 1712/110

**ANUNCIO**

**RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS E BAREMACIÓN DEFINITIVA DA 1ª FASE**

**Resolución das reclamacións presentadas.**

**MÓNICA DOMÍNGUEZ ESTÉVEZ**
Rexistro de entrada núm. R20240067286 de 29/08/2024
Cód. Doc. 240258467
Cód. Solic. W1156264-4259

**ALEGACIÓN PRIMEIRA Base cuarta, apartado 1.1.1 "recoñecemento del grado personal consolidado"**

De acordo có sinalado na DT 8ª.j) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia e o art. 70.11 do RD 364/1995, de 10 de marzo, "por el que se aprueba el Reglamento General de ingreso del personal al servicio de la Administración General del Estado y de provisión de puestos de trabajo y promoción profesional de los funcionarios civiles de la Administración General del Estado", de aplicación supletoria ás EELL, a consolidación do grado precisa dun recoñecemento expreso en resolución ditada polo órgano municipal competente. Non consta na documentación aportada pola reclamante tal resolución expresa, nin se indicaba na documentación aportada en que expediente administrativo se atopaba (conforme esixe o art. 28.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común), polo que non foi obxecto de valoración provisional o apartado 1.1.1 "grado persoal consolidado" da base 4ª das específicas que rexen o proceso de provisión no que actúa este Tribunal.

Nas súas alegacións a reclamante indica que, de acordo coa base 2ª.2.3 das específicas que rexen o proceso de provisión, dado que a información sobre a consolidación do seu grado persoal figura no seu "*expediente persoal*" debeu ser valorado polo Tribunal. Como arriba se indicou, ese extremo non foi posto de manifesto pola aspirante-alegante, de acordo co sinalado no art. 28.3 da Lei 39/2015, polo que non puido ser tido en conta polo Tribunal na avaliación provisional. Coa súa reclamación a aspirante presenta un certificado do 27/08/2024 no que se indica que a Sra. Domínguez Estévez ten consolidado o grao correspondente ao nivel 26.

Comprobado, agora si, o expediente persoal (10/417) da aspirante pode comprobarse que a resolución expresa de consolidación do grado foi dictada con data posterior á do remate do prazo de presentación de instancias neste proceso que foi o 17/06/2024. Polo tanto este motivo da reclamación debe ser desestimado e non é tida en conta esta alegación na avaliación final da interesada.

**ALEGACIÓN SEGUNDA Base cuarta, apartado 1.1.3 "Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante"**

A reclamante solicita que á "*otra aspirante*" se lle revise a puntuación outorgada neste apartado "*manteniendo o restando, según el caso, la puntuación otorgada por dicho concepto*", polos motivos que na súa reclamación sinala.

O art. 80.3 da Lei 2/2015, de Emprego público de Galicia sinala o seguinte

Documento asinado
ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 05/09/2024 12:46:54

*"Artículo 80 Promoción interna vertical del personal funcionario de carrera*
***3. [...]** Cuando los procesos selectivos a que se refiere este artículo comprendan la valoración de méritos de las personas que participen en ellos por el sistema de promoción interna vertical, incluirán una puntuación específica relativa al ejercicio en los cinco años anteriores, a contar desde la fecha que se establezca en la convocatoria, de un permiso por parto, adopción, guarda con fines de adopción o acogimiento, reducción de jornada o excedencia para el cuidado de familiares.*

*La puntuación asignada será proporcional al tiempo de duración del permiso, reducción o excedencia disfrutado en cada caso."*

O apartado 1.1.5 foille valorado á Sra. Román Celada do modo seguinte:

| **Román Celada, Olga** | *****3325**** |
|---|---|
| **A).- Méritos xerais** | **máxima 20 puntos** |
| **1.1.3.- Exercicio de dereitos de conciliación** | **máximo 1 punto** |
| - Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos/ permiso, máximo 0,5 puntos. | **0,50 puntos** |

Revisada a documentación xustificativa aportada pola Sra. Román Celada e a puntuación outorgada neste apartado, comprobase que a reclamante está no certo e facendo unha interpretación conxunta da normativa coas bases non se lle debeu computar este apartado, toda vez que os permisos valorados corresponden a feitos acaecidos cinco anos antes do remate do prazo de presentación de solicitudes (17/06/2024). Polo tanto procede estimar esta alegación e non valorar á aspirante Sra. Román Celada o apartado 1.1.3 da base cuarta, fase primeira. Así a puntuación definitiva neste apartado da Sra. Román Celada é a seguinte:

| **Román Celada, Olga** | *****3325**** |
|---|---|
| **A).- Méritos xerais** | **máxima 20 puntos** |
| **1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación** | **máximo 1 punto** |
| - Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos/ permiso, máximo 0,5 puntos. | **0,00 puntos** |

**<u>ALEGACIÓN TERCEIRA.- Base cuarta, apartados 1.1.8 *"experiencia profesional"* vs 1.1.4 *"valoración do traballo desarrollado"*</u>**

Polos motivos que na súa reclamación sinala, a reclamante, en síntese, alega que no apartado 1.1.4 se lle valoren 88 meses e non 57 meses, posto que non lle foron tidos en conta polo tribunal na valoración provisional 31 meses no grupo C1 na XMU, que si foron acreditados. entende,

O tempo que lle foi valorado nos apartados 1.1.8 e 1.1.4 foi o seguinte:

| **<u>B).- Méritos específicos.</u>** | |
|---|---|
| **1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido** | **máximo 3 puntos** |
| - Posto de traballo CD inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos/mes traballado.<br>57 meses = 0,91 | **0,91 puntos** |

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 05/09/2024 12:46:54
Documento asinado

| 1.1.8. Experiencia profesional | máximo 8 puntos |
|---|---|
| 2- Servizos posto A1/A2 xefatura CD 24-26: 0,050 puntos/mes.<br>65 meses = 3,25<br><br>4- Servizos posto A1/A2 sen xefatura e sen distinción de niveis: 0,020 puntos/mes.<br>87 meses = 1,74 | 4,99 puntos |

Revisada a puntuación outorgada, comprobase que a reclamante está no certo e non se lle computaron tódolos períodos de servizos alegados no apartado 2 do apartado 1.1.4 da base cuarta: Polo tanto procede estimar esta alegación e outorgarlle a seguinte valoración nos apartados 1.1.8 e 1.1.4 da base cuarta, fase primeira:

| **B).- Méritos específicos.** | |
|---|---|
| **1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido** | **máximo 3 puntos** |
| - Posto de traballo CD inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos/mes traballado.<br>(C2) 31 meses = 0,49<br>(C1) 57 meses = 0,91 | **1,40 puntos** |
| **1.1.8. Experiencia profesional** | **máximo 8 puntos** |
| 2- Servizos posto A1/A2 xefatura CD 24-26: 0,050 puntos/mes.<br>65 meses = 3,25<br><br>4- Servizos posto A1/A2 sen xefatura e sen distinción de niveis: 0,020 puntos/mes.<br>87 meses = 1,74 | **4,99 puntos** |

Resoltas as reclamacións presentadas nos termos arriba sinalados, o resultado da puntuación total obtida na fase primeira do proceso de provisión únese como **Anexo I** a este acta; polo que o Tribunal de Valoración, por unanimidade dos seus membros, acorda:

**Primeiro.-** Estimar e desestimar, nos termos sinalados nesta acta, as alegacións formuladas pola Sra. Domínguez Estévez na súa reclamación presentada co rexistro de entrada núm. R20240067286 de 29/08/2024 (cód. doc. 240258467, cód. solic. W1156264-4259).

**Segundo.-** Outorgar a valoración definitiva da primeira fase do proceso ás aspirantes admitidas que se une como Anexo I a este acta como proposta do Tribunal.

**Terceiro.-** Declarar á aspirante Sra. Román Celada excluída do proceso aon non superar a puntuación mínima establecida na base cuarta, primeira fase, das especificas que rexen este proceso de provisión do posto.

**Cuarto.-** Declarar á aspirante Sra. Dominguez Estévez como única aspirante que superou a primeira fase do proceso de provisión do posto ao superar a puntuación mínima sinalada na base cuarta das especificas que o rexen.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 05/09/2024 12:46:54
Documento asinado

**Quinto.-** Sinalar como data para a defensa e exposición e defensa publica da Memoria o mércores 11 de setembro ás 09:00 h. Na sala Europa do terceiro andar da Casa do Concello de Vigo.

Convocase, de acordo coa base cuarta, segunda fase, á aspirante que superou a puntuación mínima sinalada na base cuarta da primeira fase para defensa e exposición da Memoria presentada.

Sendo ás 10:30 horas do día da data do encabezamento o Sr. Presidente da por rematada a sesión, redactándose de todo elo a presente acta.

O Presidente do Tribunal

A. Escariz Couso

O secretario do Tribunal

J. Villán Fuertes.

**Anexo I.- Valoración definitiva da primeira fase (concurso) do proceso de provisión do posto de Xefe/a de Estatística mediante concurso especifico (base 5ª das específicas que rexen o proceso de provisión, BOP de Pontevedra núm. 72 do 12/04/2024). Resumo:**

| **Román Celada, Olga** | *****3325**** |
|---|---|
| **A).- Méritos xerais** | **máxima 20 puntos** |
| **1.1.1.-** Grao persoal consolidado. | máximo 4 puntos |
| | **2 puntos** |
| **1.1.4.-** Valoración do traballo desenvolvido | máximo 3 puntos |
| | **2,25 puntos** |
| **1.1.5.** -Cursos de formación e perfeccionamento.- | máximo 5 puntos |
| | **5,00 puntos** |
| **1.1.7.-** Nivel de coñecemento da lingua galega | máximo 2 puntos |
| | **2,00 puntos** |
| **B).- Méritos específicos.** | máxima 20 puntos. |
| **1.1.8.-** Experiencia profesional | máximo 8 puntos |
| | **1,24 puntos** |
| **1.1.9.-** Formación específica | máximo 12 puntos |
| | **6,05 puntos** |
| **Total** | **18,54 puntos** |

| **Domínguez Estévez, Mónica** | *****2781**** |
|---|---|
| **A).- Méritos xerais** | máxima 20 puntos |
| **1.1.4.-** Valoración do traballo desenvolvido. | máximo 3 puntos |

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 05/09/2024 12:46:54
Documento asinado

| | |
|---|---|
| | **1,40 puntos** |
| **1.1.5.-** Cursos de formación e perfeccionamento. | máximo 5 puntos |
| | **5,00 puntos** |
| **1.1.6.-** Titulacións académicas. | máximo 3 puntos |
| | **1,80 puntos** |
| **B).- Méritos específicos.** | máxima 20 puntos. |
| **1.1.8.-** Experiencia profesional. | máximo 8 puntos |
| | **4,99 puntos** |
| **1.1.9.-** Formación específica. | máximo 12 puntos |
| | **12,00 puntos** |
| **Total** | **25,19 puntos** |

**Anexo II.- Valoración definitiva da primeira fase (concurso) do proceso de provisión do posto de Xefe/a de Estatística mediante concurso especifico (base 5ª das específicas que rexen o proceso de provisión, BOP de Pontevedra núm. 72 do 12/04/2024).** **Detalle:**

| **Román Celada, Olga ***3325*** | |
|---|---|
| **A).- Méritos xerais** | máxima 20 puntos |
| **1.1.1.-** Grao persoal consolidado. | máximo 4 puntos |
| - Grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.<br>CD 25 | **2,00 puntos** |
| **1.1.4.-** Valoración do traballo desenvolvido. | máximo 3 puntos |
| - Posto de traballo CD inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos/mes traballado.<br>141 meses | **2,25 puntos** |
| **1.1.5.-** Cursos de formación e perfeccionamento. | máximo 5 puntos |
| 1.1.5.1.- Asistencia a cursos:<br>- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos/hora.<br>964 horas | |
| 1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación, 0,05 puntos/hora<br>10 Horas | **5,00 puntos** |
| **1.1.7.-** Nivel de coñecemento da lingua galega. | máximo 2 puntos |
| • Linguaxe administrativa superior: 2 puntos. | **2,00 puntos** |
| **B).- Méritos específicos.** | máxima 20 puntos |
| **1.1.8.-** Experiencia profesional. | máximo 8 puntos |
| 4- Servizos posto A1/A2 sen xefatura e sen distinción de niveis: 0,020 puntos/mes.<br>62 meses | **1,24 puntos** |
| **1.1.9.-** Formación específica. | máximo 12 puntos |
| - Cursos certificado aproveitamento: 0,05 puntos/ hora.<br>121 horas | **6,05 puntos** |
| **Total** | **18,54 puntos** |

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 05/09/2024 12:46:54
Documento asinado

Secretaría Xeral
Expte 1712/110

| Domínguez Estévez, Mónica | ***2781** |
|---|---|
| **A).- Méritos xerais** | máxima 20 puntos |
| **1.1.4.-** Valoración do traballo desenvolvido. | máximo 3 puntos |
| - Posto de traballo CD inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos/mes traballado.<br>(C2)31 meses: 0,49<br>(C1) 57 meses: 0,91 | **1,40 puntos** |
| **1.1.5.-** Cursos de formación e perfeccionamento. | máximo 5 puntos |
| 1.1.5.1 Asistencia a cursos:<br>- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos/hora.<br>2949 h.<br>- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos/hora.<br>347 h. | **5,00 puntos** |
| **1.1.6.-** Titulacións académicas. | máximo 3 puntos |
| • Máster oficial universitario: 0,30 puntos. | **1,80 puntos** |
| **B).- Méritos específicos.** | máxima 20 puntos. |
| **1.1.8.-** Experiencia profesional. | máximo 8 puntos |
| 2- Servizos posto A1/A2 xefatura CD 24-26: 0,050 puntos/mes.<br>65 meses = 3,25<br><br>4- Servizos posto A1/A2 sen xefatura e sen distinción de niveis: 0,020 puntos/mes.<br>87 meses = 1,74 | **4,99 puntos** |
| **1.1.9.-** Formación específica. | máximo 12 puntos |
| - Cursos certificado aproveitamento: 0,05 puntos/ hora.<br>230 h. = 11,50<br><br>- Cursos certificado asistencia: 0,03 puntos/hora<br>60 h. = 1,80 | **12,00 puntos** |
| **Total** | **25,19 puntos** |

Vigo, á data da sinatura dixital

O Secretario da Comisión de Valoración.- José Villán Fuertes

Documento asinado
ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 05/09/2024 12:46:54